



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Matemáticas

Curso Académico: 2016/2017

Índice

1.	Introdución.....	2
2.	Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade.....	3
2.1	Estrutura da Facultade de Matemáticas para o desenvolvemento do SGIC.....	3
2.2	Seguimento do SGIC.....	5
2.3	Actuacións máis relevantes no Curso 2016-2017.....	6
2.4	Indicadores do SGIC.....	7
3.	Plan de Melloras do Centro	12
3.1	Revisión sobre o plan de melloras do curso 2016-2017	12
3.2	Plan de melloras do curso 2017-2018	14
4.	Anexo: Informes de seguimento e accións mellora	48

 FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 10/12/2018 Páxina 2 de 49
---	---------------------	--

1. Introducción

A Facultade de Matemáticas é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Matemáticas elabora a súa política marcándose como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas, correspondente ao curso académico 2016-2017, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), ao seguimento dos títulos impartidos no centro e o plan de melloras do centro (revisión das accións de mellora do curso 2015-2016 e novas propostas para o curso 2016-2017), incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas correspondente ao curso 2016-2017 foi elaborada pola Comisión de Calidade como suma dos informes de seguimento de tódos os títulos dos que a Facultade de Matemáticas é responsable e que foron aprobados con data 16/04/2018 pola Comisión de Calidade do Centro, despois de ser extendidos por parte das autoridades competentes os prazos de remisión dos mesmos. Á espera da reforma dos documentos do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro e do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Matemáticas motivaron que non se presentase ata a última Xunta de Facultade de 2018, con data 14/12/2018.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 10/12/2018 Páxina 3 de 49
--	---------------------	--

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

2.1 Estrutura da Facultade de Matemáticas para o desenvolvemento do SGIC

Ámbito de aplicación. O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2016-2017 atinxe a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2016-2017 foron:

- Grao en Matemáticas.
- Máster en Matemática Industrial.
- Máster en Matemáticas.
- Máster en Técnicas Estatísticas.

O curso 2016-2017 foi o segundo da implantación dos programas de simultaneidade de estudos entre as titulacións de Grao en Matemáticas e Grao en Física (Dobre Grao en Matemáticas e en Física DG-MF) e entre as titulacións de Grao en Matemáticas e Grao en Enxeñaría Informática (Dobre Grao en Enxeñaría Informática + Matemáticas DG-EIM).

Polo tanto, os informes de seguimento que se achegan a esta memoria de calidade corresponden ao Grao en Matemáticas (GM), ao Máster en Matemáticas (MM) e ao Máster en Técnicas Estatísticas (MTE) e ás accións de mellora do Máster en Matemática Industrial (M2I) tendo en conta que no curso 2016/2017 está en proceso de acreditación.

Documentación de referencia. Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria de Grao en Matemáticas da USC.
- Memoria do Máster en Matemática Industrial.
- Memoria do Máster en Matemáticas.
- Memoria do Máster en Técnicas Estatísticas.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade en Matemáticas.
- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos á Facultade.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster en Técnicas Estatísticas.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as comisións de título, o/a responsable de calidade do centro e os/as coordinadores/as de título.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 10/12/2018 Páxina 4 de 49
--	---------------------	--

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas. Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade:

MEMBROS DA CCC durante o curso 2016-2017

- O/A decano/a da Facultade de Matemáticas, quen convocará e presidirá
- O/A responsable de calidade do centro (RCC)
- Os/As coordinadores/as de título: Grao en Matemáticas, Máster en Matemática Industrial, Máster en Matemáticas e Máster en Técnicas Estatísticas. O/A Xestor/a de Centro (ou persoa que designe o/a decano/a)
- 2 membros do PDI de departamentos adscritos á Facultade
- 1 alumno/a (preferiblemente alumno/a-titor/a)

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título).

Reunións da Comisión de Calidade, durante o curso 2016-2017:

9 de novembro de 2016 ás 16:30 h. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.-Aprobación, se procede, das actas anteriores.
- 2.- Informes da Presidenta.
- 3.- Presentación de calendario e procedemento para a elaboración dos Informes de seguimento ou acreditación dos títulos da Facultade de Matemáticas do curso 2015-2016
- 4.- Rogos e preguntas.

24 de xaneiro de 2017 ás 10 horas. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.-Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.-Informes de seguimento das titulacións do Centro.
- 3.-Asuntos de trámite.
- 4.-Rogos e preguntas.

6 de marzo de 2017 ás 11 horas. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

 FACULTADE DE MATEMÁTICAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 01 Data: 10/12/2018 Páxina 5 de 49
---	---------------------	--

- 1.- Accións de mellora do Máster en Matemática Industrial
- 2.- Elaboración Memoria de Calidade do Centro

31 de marzo de 2017 ás 10:30 horas. Reunión extraordinaria, para tratar do seguinte:

Punto único: informe de renovación da acreditación do Máster en Matemática Industrial.

6 de xuño de 2017 ás 12 horas. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (achegarse borrador)
- 2.- Informes da Decana
- 3.- Alegacións da Comisión de Título do Máster en Matemática Industrial ao informe provisional da ACSUG de avaliación para a renovación da acreditación do Máster.
- 4.- Rogos e preguntas

2.2 Seguimento do SGIC

O SGIC busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

Dende xullo de 2009, a Facultade de Matemáticas conta cun Sistema de Garantía Interna de Calidade, cuxa documentación de referencia consistía nun "Manual del Sistema de Gestión Interna de Calidad (MSGIC)", onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun "Manual de Procesos y Procedimientos".

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da USC, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo que obrigou a unha modificación do SGIC do centro. A Xunta de Facultade aprobou a correspondente modificación do SGIC o 4 de decembro de 2013, coa que se simplifica a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao manual de procesos e procedementos marco da USC. Tamén se definiu a política de calidade do centro, que segue vixente na actualidade.

O “Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas”, así como o “Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade” e o “Manual de Procesos e Procedementos” están dispoñibles a través da

páxina web da Facultade de Matemáticas, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade.

http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/Calidade/Sistema_Calidade.html

A Comisión de Calidade e Planificación aprobou, nunha reunión celebrada o 3 de outubro de 2014, os cambios introducidos no Manual simplificado do SGIC, froito da revisión do sistema. Estes cambios afectan só ao apartado 5 denominado Indicadores. Como consecuencia, o 29/10/2014 reúnese a Comisión de Calidade para aprobar a modificación do SGIC que foi aprobada posteriormente pola Xunta de Facultade o 19/12/2014. Esta nova versión do SGIC foi aprobada polo Consello de Goberno con data 4/02/2015.

O 29 de xullo de 2015 foi aprobada en Consello de Goberno a terceira versión do Manual de Procesos e Procedementos do Sistema de Garantía Interna da Calidade marco. Fundamentalmente os cambios consistiron nunha actualización da normativa relacionada e dos indicadores asociados a cada proceso/procedemento para que reflectiran os cambios producidos no Manual simplificado. Ademais o proceso PC-02 Revisión da oferta académica foi modificado completamente para axustarse á normativa de modificación da ACSUG e da USC

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2016-2017 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento (proceso de control dos documentos e dos rexistros, PS-04), estando algúns documentos integrados na Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión (informes de seguimento dos títulos e plans de mellora).

Durante o curso 2017-18 levouse a cabo a reforma dos documentos do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). A actualización e do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Matemáticas que foi aprobado no Consello de Goberno o 9 de novembro de 2018.

2.3 Actuacións máis relevantes no Curso 2016-2017

Análise de datos das titulacións

Na súa reunión do **24 de xaneiro de 2017** a Comisión de Calidade do Centro realizou unha análise dos datos das titulacións da Facultade de Matemáticas, Grao en Matemáticas e Másteres de Técnicas Estatísticas e Matemáticas, tendo en conta as valoracións das comisións dos títulos nos Informes de Seguimento dos títulos.

Memoria de Calidade da Facultade de Matemáticas (curso 2015-2016)

Con data 06/03/2017, a Comisión de Calidade elaborou a Memoria de Calidade do centro correspondente ao curso 2015-2016 que foi aprobada en Xunta de Facultade o día 07/03/2017. Na memoria inclúese: (1) seguimento do SGIC, (2) informes do Grao en Matemáticas, Máster en Matemática Industrial, Máster en Matemáticas, e Máster en Técnicas Estatísticas, (3) plans de mellora das titulacións e plan de mellora do centro para o curso 2016-2017.

Renovación da Acreditación do Máster en Matemática Industrial

O **31 de marzo de 2017** aprobouse informe de renovación da acreditación do Máster en Matemática Industrial polas universidades USC (coordinadora), UDC, Uvigo, UC3M e UPM. O **6 de xuño de 2017** aprobáronse as alegacións da Comisión de Título do Máster en Matemática Industrial ao informe provisional da ACSUG de avaliación para a renovación da acreditación do Máster, acadándose un resultado moi satisfactorio. A data da renovación da acreditación da Secretaría General de Universidades é o 12 de xullo de 2017: <http://www.mzi.es/docs/ResolucionSecretariaGeneralUniversidades.pdf>

2.4 Indicadores do SGIC

Presentamos a continuación os resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía Interna dos Centros da USC, para o curso académico 2016-2017. Estes indicadores son facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC de cada centro.

No arquivo [5060_Informe_de_indicadores_2016_17.pdf](#) recollense os indicadores dispoñibles a nivel de centro con datos para dada un dos títulos e no caso de que existan, nos seis últimos cursos académicos ata o curso obxecto da memoria de calidade. Os resultados dos indicadores a nivel de título pódense consultar, xunto coas correspondentes análises, nos correspondentes informes de seguimento dos títulos vinculados á Facultade.

Debemos comentar que os datos de 2016-2017 que se amosan na Táboa 1 calculáronse agregando os datos dos títulos impartidos en dito curso académico: Grao en Matemáticas (GM), Máster en Matemática Industrial (M2I), Máster en

Matemáticas (MM) e Máster en Técnicas Estadísticas (MTE). Cabe tamén salientar que, no caso dos másteres interuniversitarios (M2I e MTE), o alumnado contabilizado é o matriculado na USC, nos informes detallados de ditos títulos analizaronse os datos globais.

Indicadores de satisfacción e rendemento

Código	Descrición	Valor (26/10/2015)	Valor (24/10/2016)	Valor (03/11/2017)
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	190	200	194
IN02C-PC-05	Matrícula	553	572	595
IN03C-PC-05	Matrícula de novo ingreso	173	195	168
IN04C-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	171	191	168
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	22,14	-1,17	-12,04
IN06C-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	8,14	9,52	10,34
IN07C-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	84,85	99,41	99,38
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,36	0,87	0,84
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	5,06	3,85	4,37

IN10C-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	92,5	71,54	69,35
IN12C-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	90	95,5	86,6
IN14C-PC-05	Número de matriculados en máster no centro/Número de graduados do centro	1,28	1,56	1,65
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	5	--	--
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	2,89	4,55	3,7
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	1,08	0,87	1,51
IN22C-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	13,95	12,2	21,36
IN24C-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	90,32	94,02	91,08

IN25C-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	98,39	98,36	95,07
IN26C-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	87,1	84,43	82,32
IN30C-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	4,5	4,58	
IN31C-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	36,94	39,32	40,31
IN32C-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	23,4	23,52	22,47
IN34CG-S01-PM-01	Taxa de rendemento	55,12	61,82	69,15
IN34CM-S01-PM-01	Taxa de rendemento	87,99	89,8	85,56
IN35CG-S01-PM-01	Taxa de éxito	68,46	74,08	79,8
IN35CM-S01-PM-01	Taxa de éxito	97,69	99,14	99,64
IN36CG-S01-PM-01	Taxa de avaliación	80,52	83,45	86,66
IN36CM-S01-PM-01	Taxa de avaliación	90,07	90,57	85,87
IN37CG-S01-PM-01	Taxa de graduación	29,51	30,77	32,68
IN37CM-S01-PM-01	Taxa de graduación	77,78	95,45	75
IN38CG-S01-PM-01	Duración media dos estudos	4,75	5,33	5,68
IN38CM-S01-PM-01	Duración media dos estudos	1,57	1,48	1,67
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	14,42	33,96	31,15
IN41CG-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	36,07	48,46	31,73
IN41CM-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	0	4,55	10,71

IN49C-PS-01	Satisfacción do PAS co seu traballo		4	3,81
IN50CG-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados		86,6	83,34
IN50CM-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados		100	100
IN51CG-S01-PM-01	Taxa de idoneidade na graduación		21,54	17,31
IN53CG-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)		78,14	74,25
IN53CM-S01-PM-01...	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)		100	98,89

Táboa 1. Indicadores do SGIC para o curso o curso 2014-2015 (data de explotación: 26/10/2015), 2015-2016 (data de explotación: 24/10/2016) e 2016-2017 (3/11/2017). Datos proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

3. Plan de Melloras do Centro

3.1 Revisión sobre o plan de melloras do curso 2016-2017

Presentamos en primeiro lugar unha revisión sobre o plan de melloras do curso 2015-2016, que se elaborou tendo en conta os informes de seguimento e plans de mellora das titulacións impartidas no centro.

LISTAXE DE ACCIÓNS CURSO 2016/2017						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM1-PM1617-FM	Seguimento do SGIC. Revisión do plan de melloras dos cursos 2013-2014, 2014-2015 e 2015-2016. A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas	Deseño e implementación dun plan estratéxico da Facultade de Matemáticas	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución	Decana da Facultade	31/12/2017	Non (Continúa no plan de melloras 2017-2018)
AM2-PM1617-FM	A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Calidade da Facultade de Matemáticas, e xa fora incluída no plan de melloras do curso 2014-2015.	Posta en marcha de mecanismos de seguimento para avaliar o grao de satisfacción dos usuarios cos recursos materiais e servizos do centro	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución (estado de execución curso 2015-16, 50%)	Vicedecana da Facultade	31/07/2017	SI
AM3-PM1617-FM	Informe de seguimento. Recursos humanos e revisión do plan de melloras de cursos anteriores. A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Título, a proposta da coordinadora, no informe de seguimento 2013-2014	Apoiar as solicitudes de incorporación de novo persoal que os departamentos fagan á Vicerreitoría de Titulacións e PDI	Nova acción	Decana da Facultade	31/12/2017	SI
AM4-PM1617-FM	Informe de seguimento. Recursos humanos. Informe de avaliación para a renovación da acreditación	Apoiar as solicitudes de formación do PAS, contribuíndo a unha mellora da súa formación	Nova acción	Decana da Facultade	31/12/2017	SI

	A acción derívase da análise realizada pola Comisión de Título do Grao en Matemáticas sobre o informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación					
AM5-PM1617-FM	Informe de Seguimento 2015-2016 das titulacións de Grao en Matemáticas e Máster en Matemática Industrial	Solicitud de renovación dos equipos informáticos das aulas, na medida en que os orzamentos o permitan, incrementando o número de aulas de informática	Nova acción	Decana da Facultade	31/12/2017	SI
AM6-PM1617-FM	Informe de seguimento 2014-2015 do Máster en Matemática Industrial	Análise das temperaturas acadadas na aula de informática 5 e o seu acondicionamento para evitar os efectos causados polas altas temperaturas en determinados períodos de actividade docente	Acción de mellora de anos anteriores en proceso de execución (estado de execución 50%)	Decana da Facultade	31/12/2017	SI
AM7-PM1617-FM	Informe de seguimento 2015-2016 do Máster en Matemática Industrial e do Master en Técnicas Estatísticas	Acadar financiamento para o mantemento dos equipos de videoconferencia das aulas asignadas aos mestrados da Facultade de Matemáticas da USC, en coordinación coa Facultade de Matemáticas.	Nova acción	Decana da Facultade	31/12/2017	SI
AM8-PM1617-FM	Informe de seguimento 2015-2016 do Máster en Matemática Industrial	Solicitar financiamento para a impartición de 1ECTS en cinco sesións o profesional externo dentro do Obradoiro de Metodoloxía de Proxectos.	Nova acción	Coordinadora xeral e da USC do M2i	31/12/2017	SI
AM9-PM1617-FM	Informe de seguimento 2015-2016 do Máster en Matemática Industrial	Solicitar financiamento para a impartición de 2ECTS en cinco sesións o profesional externo dentro da materia Software Profesional en Medio Ambiente.	Nova acción	Coordinadora xeral e da USC do M2i	31/12/2017	SI

3.2 Plan de melloras do curso 2017-2018

O plan de melloras da Facultade de Matemáticas para o curso 2017-2018 é a suma dos plans de mellora dos diferentes títulos dos que o centro é responsable. Relatamos as accións de mellora de cada un deles, como foron definidas nos correspondentes informes de seguimento, que quedan incorporadas ao plan de melloras da Facultade de Matemáticas, incluídas tamén ás do Anexo.

Grao en Matemáticas

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Considérase estratéxico para a Facultade de Matemáticas coñecer a satisfacción do alumnado cos títulos e a súa empregabilidade
Definición/	Realización dunha enquisa de satisfacción do alumnado cos títulos e a súa empregabilidade

descripción proposta	
Datas	Finalización: 30/05/2018; Inicio: 10/11/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCÍONS DE MELLORA

Código	AM-2 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Ante a demanda de diferentes empresas colaboradoras coas prácticas e por contactos establecidos con docentes do centro e co equipo decanal, como acción de mellora estase a planificar unha Feira de emprego en Matemáticas no ano 2018
Definición/ descrición proposta	FEIRA DE EMPREGO EN MATEMÁTICAS
Datas	Finalización: 27/12/2018; Inicio: 30/01/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIONES DE MELLORA

Código	AM-3 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Desenvolvemento dunha enquisa de satisfacción para estudantes, titores e membros dos tribunais dos TFG para mellorar a xestión e a análise de competencias dos TFG
Definición/ descrición proposta	ENQUISA DE SATISFACCIÓN PARA ESTUDANTES, TITORES E MEMBROS DOS TRIBUNAIS DOS TFG
Datas	Finalización: 29/06/2018; Inicio: 10/11/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Rosana Rodríguez López

ACCIONES DE MELLORA

Código	AM-4 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Ante o incremento das prácticas, consideramos necesario un maior seguimento das prácticas externas. Propoñemos realizar xuntanzas de coordinación cos titores da USC e das empresas. Algúns titores amosaron os interese en manter ditas xuntanzas.
Definición/ descrición proposta	XUNTANZAS DE COORDINACIÓN CON TITORES DA USC E DAS EMPRESAS
Datas	Finalización: 31/07/2018; Inicio: 01/02/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIONES DE MELLORA

Código	AM-5 (Curso 2017-2018)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Coñecer o impacto de actividades como as Olimpíadas de Matemáticas ou Estalmat-Galicia e a satisfacción das actividades organizadas ou xestionadas por membros do equipo docente da Facultade
Definición/ descrición proposta	ENQUISA DE SATISFACCIÓN NA XORNADA DE BENVIDA AOS NOVOS ESTUDANTES
Datas	Finalización: 22/09/2017; Inicio: 01/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 12/04/2018
Responsables	Beatriz Pateiro López
Comprobación Acción	AM-5
Descrición Comprobación	Preséntanse os resultados que xa foron compartidos coa primeira Comisión de Docencia da Facultade despois da benvida. (Arquivo: resultados_enquisa_benvida_1718_def.pdf)
Data Comprobación	12/04/2018

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIONES DE MELLORA

Código	AM-6 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos (Curso 2016-2017)
Definición/ descrición proposta	<p>Necesidade de mellorar os espazos destinados ao PAS da Facultade. Transmitir ás autoridades con responsabilidade na RAM estas necesidades para, conxuntamente, e cos orzamentos da Facultade, lograr:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a temperatura na conserxería, contactouse tamén co Servizo de Prevención de Riscos. - Acondicionar un espazo de atención máis personalizada na zona próxima ao decanato. - Na análise de redistribución de espazos na Facultade, ter en conta uns espazos mínimos para cada posto de traballo.
Datas	Finalización: 28/12/2018; Inicio: 12/04/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIONES DE MELLORA

Código	AM-7 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
Análise causa	Informe da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos (Curso 2016-2017)
Definición/ descrición proposta	<p>O técnico xestor de sistemas con despacho na Facultade comparte dedicación coa Facultade de Bioloxía. Unha carencia, que afecta aos dous centros, é que polas tardes hai moitas clases de laboratorio nas Aulas de Informática é non hai técnico xestor.</p> <p>Transmitiremos á Área TIC a necesidade de reforzo, ou incremento da dedicación de persoal de apoio, para a xestión das aulas de informática.</p>
Datas	Finalización: 21/12/2018; Inicio: 12/04/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCIONES DE MELLORA

Código	AM-8 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de actualización de equipos nas Aulas de Informática
Definición/ descrición proposta	<ol style="list-style-type: none"> 1. Aumentar, na aula de acceso libre, a memoria RAM de 3GB a 4GB e cambiar o procesador por un Intel Core 2 Duo E6420 a 2.13 Ghz 2. Incorporar 16 equipos informáticos á Aula 4, 8 procedentes da Aula de informática 0 e 8 equipos novos 3. Actualizar os restantes equipos informáticos da Facultade, na medida do posible
Datas	Finalización: 30/11/2018; Inicio: 15/01/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

ACCÍONS DE MELLORA

Código	AM-10 (Curso 2017-2018)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Incrementar a difusión e visibilidade dos TFG
Definición/ descrición proposta	Definición dun protocolo para incorporar ao repositorio MINERVA os TFG
Datas	Finalización: 30/11/2018; Inicio: 30/03/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Rosana Rodríguez López

ACCÍONS DE MELLORA

Código	AM-11 (Curso 2017-2018)
---------------	-------------------------

Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Necesidade de introducir unha coordinación vertical na avaliación continua
Definición/ descrición proposta	Facer unha análise da avaliación continua actual en todos os cursos para propoñer procedementos de avaliación consistentes no Grao en Matemáticas
Datas	Finalización: 30/11/2018; Inicio: 02/05/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	María Elena Vázquez Cendón e Rosana Rodríguez López

Máster en Matemática Industrial

ACCIÓN DE MELLORA	
Código	AM-2 (Curso 2016-2017)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	A optatividade do M2i pode conlevar, como aconteceu en tres edicións, o emprego dunha segunda aula para impartir o M2i na USC. Para ser eficientes e precisar menos adicación de recursos humanos na utilización dunha segunda aula de informática na Facultade de Matemáticas da USC (non ter que poñer e sacar tanto altavoces como webcam cada vez que se imparte aunha clase do M2i), solicítase a adquisición de 4 pantallas que conteñan tanto altavoces como webcam, tipo modelo de Asus de 24".
Definición/ descrición proposta	Solicitar financiamento para mercar as ditas pantallas.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/02/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/02/2018
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON

Comprobación Acción	AM-2
Descrición Comprobación	Adaptación da aula de Informática 4 da Facultade de Matemáticas cun equipo de videoconferencia reutilizado do M2i
Data Comprobación	13/02/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIONES DE MELLORA

Código	AM-5 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Actualmente non existe un protocolo de transferencia de información entre as universidades que expiden o título polo que recae na coordinación del M2i, un excesivo traballo burocrático relativo á xestión da información.
Definición/ descrición proposta	Seguir solicitando ás autoridades académicas das universidades participantes, que no deseño e actualización dos protocolos de admisión xeren opcións de compartir a información oficial de estudantes e PDI, reducindo a necesidade da base de datos propia do máster.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 30/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 21/02/2018
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON
Comprobación Acción	AM-5
Descrición Comprobación	Segue en proceso de realización e desde a Coordinación do M2i desenvólvese o tratamento conxunto dos datos. Cada coordinador introduce na súa propia universidade as avaliacións dos estudantes matriculados na universidade da que é coordinador e que son avaliados por docentes doutras universidades. Desde a

	<p>Coordinación xeral da USC, asistiuse as varias reunións e obtivéronse compromisos que están sen materializar. Hai un membro do ED ou coordinador por cada universidade encargado de transferir os datos de cada universidade a base de datos do M2i á que accede todo o ED desde a Secretaría do M2i.</p>
Data Comprobación	12/02/2018
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	Pendente por parte das universidades. Conseguiuse a transferencia de información entre as universidades galegas, pero falta o tratamento das Matrículas de honra por universidade

ACCIONES DE MELLORA

Código	AM-6 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Aunque el SGC de la Facultad de Matemáticas se encuentra actualizado es necesaria una revisión y simplificación para ajustar e impulsar su funcionamiento.
Definición/ descripción proposta	Revisión del SGIC para adecuarlo a las características y necesidades del centro. Elaboración de la planificación estratégica: Plan Estratégico y Programación Plurianual.
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/06/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 13/02/2018
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON
Comprobación Acción	AM-6
Descrición Comprobación	En la Facultad de Matemáticas se está produciendo la renovación del regulamento de régimen interno. Después procederá la actualización, con los cambios considerados del SIGC y la definición del Plan estratégico.
Data Comprobación	13/02/2018

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	En execución.
Tarefa1	AM-6.1
Descrición tarefa	Revisión de procesos y procedimientos para simplificarlos y adecuarlos a los dos centros
Data prevista de finalización	29/12/2017
Responsable	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON
Estado	Executada

ACCIONES DE MELLORA

Código	AM-7 (Curso 2016-2017)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
Análise causa	El M2i tiene un grado importante de internacionalización como consecuencia de las actividades que las universidades involucradas vienen realizando en el área de la Matemática Industrial desde hace más de una década, como se dejó constancia en la MVT y en los Informes de seguimiento mencionados.
Definición/ descripción proposta	Plan de internacionalización del M2i
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 13/02/2018
Responsables	MARIA ELENA VAZQUEZ CENDON
Comprobación Acción	AM-7
Descripción Comprobación	En proceso de ejecución. Otras tareas de gestión no asumidas por las universidades los llevó a no priorizar la finalización del de la tarea. Además, la fórmula de Erasmus Prácticas se alinea con los objetivos del M2i y

